

O Autismo e os medios de comunicación



Federación Autismo Galicia

Os medios de comunicación constitúen na actualidade un dos procedementos máis relevantes para a construción social da realidade. Teñen o poder para fabricar unha imaxe positiva ou negativa de calquera cuestión referente aos seres humanos ou a calquera outra dimensión da realidade social. A cuestión do autismo e todo o que iso implica, non se escapa a este proceso de construción social.

En moitas ocasións vemos que os medios de comunicación (cine, televisión, periódicos, Internet, etc.) favorecen unha perspectiva do autismo que no adoita estar en consonancia coa realidade.

O cine, que é un exemplo diso, ten presentado o autismo como una coiraza tras a que se esconde un "neno normal" e que é posible eliminar con afecto e cariño (*Molly, 1999*), ten asociado o fenómeno do "savant" ao autismo (Rain Man, 1988) de modo que se puido dar a entender que se trata dun síntoma máis do trastorno, e tense presentado desenlaces seriamente distorsionados no caso de películas sobre persoas con autismo que parecen "espertar" do seu illamento, como ocorre en "*Un testigo en silencio* (1994)". **O público** non adoita cuestionar nin poñer en dúbida o que se di, posto que adoita ser o único contacto que teñen con esta realidade polo que algúns rumbos e prexuízos se instalan rapidamente na sociedade xeral.

Hai que ter en conta que pretender ***cambiar a opinión da xente acerca das persoas con autismo é unha tarefa ardua e a longo prazo.***

As representacións mentais individuais e colectivas das persoas con autismo adoitan basearse nunha visión de illamento voluntario, escasa afectividade, falta de avances, problemas condutuais, etc. A pesar de que se teñen observado melloras nos últimos anos, en moias ocasións se segue transmitindo unha imaxe errónea e negativa dos Trastornos do Espectro do Autismo (TEA) que, sen dúbida, no é un bo reflexo da realidade, axuda a perpetuar estereotipos, prexuízos e falsas crenzas, e que prexudica de maneira directa aos dereitos das persoas con TEA e á súa contorna.

A alternativa positiva ven de favorecer unha socialización informativa que pretenda formar aos consumidores da información.



A continuación menciónanse unha serie de **erros** que se adoitan cometer ao falar de Trastornos do Espectro do Autismo nos medios de comunicación.



1. **PERPETUACIÓN DE PREXUIZOS E CONCEPCIÓNS ERRÓNEAS:**

Que manifestan unha percepción negativa e limitadora das persoas con autismo.

Isto pon de manifesto a necesidade de que o periodista se documente e recorra a **fontes fiables de información** sen limitarse a reproducir os estereotipos negativos.

Exemplo:

Fonte: Levante-emv.com



"Los síntomas de autismo pueden ser consecuencias de estímulos que el bebé interpreta como negativos, y de los que intenta protegerse con mecanismos psíquicos que le llevan a adoptar determinados comportamientos".

2. **TITULARES ALARMISTAS O MORBOSOS:**

Resultado de **sintetizar a información de forma incorrecta** e que, en ocasións, poden chegar a crear alarmas infundadas, tendo en conta que moitas persoas só len os titulares das noticias.

Exemplo:


Fonte: EFE



"Muere un niño autista durante una sesión de exorcismo en EEUU"

Fonte: El País

"Liberada una autista que vivía desnuda y bajo llave"



3. **ETIQUETACIÓN DE PERSONAS SUSTANTIVANDO SU CONDICIÓN:**

Aquí entraríamos no debate entre o "**ser**" *autista* ou "**ter**" *autismo*.

O etiquetado das persoas en base ao trastorno que presentan implica a negación da propia persoa en si, da súa individualidade, ás súas características persoais diferenciadoras, etc.

Exemplo:

Fonte: el mundo.es



"Los autistas se comunican con música"

Fonte: Europa Press

"Piden al Ayuntamiento transporte para autistas escolarizados lejos de su casa"

4. **IMÁXES NEGATIVAS E PUOCO NORMALIZADORAS:**

Algúns medios de comunicación recorren a imaxes que mostran ás persoas con autismo con **actitudes** de illamento, pasividade, soidade, posturas extravagantes, estereotipias, etc., transmitindo así unha sensación de mágoa moi distante á normalización e inclusión que buscamos.

5. **CONFUSIONISMO NA TIPIFICACIÓN DE DISTINTOS TIPOS DE TRASTORNOS XENERALIZADOS DO DESENVOLVEMENTO (TGD):**

En moitas ocasións se **confunde e mestura información** sobre os diferentes tipos de Trastornos Xeneralizados do Desenvolvemento.



6. **POUCA PRESENZA DO COLECTIVO COMO FONTE DE INFORMACIÓN:**

A práctica totalidade da información adoita proceder das asociacións, persoal especializado, docentes, familiares, etc., pero son practicamente inexistentes as **entrevistas con persoas con TEA** nas que elas poidan achegar a súa perspectiva.

7. **USO INAPROPIADO DO TERMO "AUTISMO" NOUTROS CONTEXTOS:**

A **utilización do termo autismo** na linguaxe cotiá (política, artigos de opinión, etc.) de modo pexorativo contribúe a prexudicar a imaxe social das persoas que o presentan.

Exemplo:

Fonte:Xornal.com



"...un virus que necesita vacuna y prevención: el virus del autismo en la mal llamada clase política"

"En el caso italiano ese autismo situó a una constelación de políticos tan fuera del alcance de la sociedad"

"Es la plaga del autismo de muchos profesionales de la política"



PRINCIPIOS BÁSICOS A TER EN CONTA POLOS PROFESIONAIS DA INFORMACIÓN



1. Aumentar o coñecemento social

Informar con exactitude de conceptos e termos.

Para representar ben a realidade os profesionais deben documentarse, contrastar as noticias e recorrer a fontes de información veraces e fidedignas.

2. Mostrar una visión positiva

Transmitir unha visión positiva das persoas con TEA prestando máis atención ás solucións que ás limitacións.

É importante remarcar os aspectos positivos, as potencialidades, os logros, avances pero sen sobredimensionar nin o positivo nin o negativo. Non centrarse nas limitacións ni nos casos illados negativos.

3. Contemplan todas as facetas

Mostrar ás persoas con TEA de forma integral.

Todas as persoas temos múltiples facetas e as persoas con TEA tamén. Iso significa non considerarlles de forma unidimensional senón integral con puntos fortes e débiles, con personalidades distintas, con participación na vida familiar, ocupacional, laboral, de ocio e tempo libre, etc.

4. Facilitar información normalizadora

Representar ás persoas con autismo en situacións cotiás na comunidade: fogar, centro, traballo, ocio, etc. É importante transmitir unha imaxe normalizadora e inclusiva.

5. Menos compaixón, máis recursos

Loitar polos dereitos e recursos, non espertar compaixón.

Se debe evitar unha visión que esperte compaixón e eso se consegue non mostrando o autismo de forma dramática nin sensacionalista. As

persoas con TEA teñen os mesmos dereitos que o resto das persoas, o que necesitan son recursos para poder exercer plenamente eses dereitos.

6. Deixar falar aos protagonistas

Potenciar a información individualizada e vivencial que poden aportar as persoas con autismo como ferramenta para crear unha imaxe positiva.

A proximidade e o coñecemento directo das persoas axudan a desmontar estereotipos e falsas crenzas xa que facilita ver máis á persoa e menos á etiqueta. É moi relevante a posibilidade que persoas con autismo teñan oportunidades para achegarse aos medios.

7. Desmontar falsas crenzas mitos ou prexuizos

Non propagar e manter prexuizos e falsas crenzas de forma explícita nin sutil.

Non se debe recorrer a antigas teorías, crenzas ou estereotipos sobre como é unha persoa con autismo.

8. Coidar a linguaxe. Non etiquetar.


Non estigmatizar ás persoas con TEA utilizando de forma adecuada a linguaxe.

En moitos casos o presentar autismo non é relevante para a información e entón non hai por que citalo. Non facer énfases nas diferenzas senón nas similitudes das persoas. Non utilizar el termo autismo de forma indiscriminada e/ou pexorativa.

9. Recordar que outras enfermidades son invisibles

Ilustrar as informacións sobre persoas con TEA con material gráfico axeitado.

Esto implica non empregar fotografías inadecuadas que mostren ás persoas con TEA con condutas rechamantes (estereotipias, posturas extravagantes) que manteñan os estereotipos negativos clásicos.



PROPOSTAS CONCRETAS




SI

- **Referirse** a unha persoa diagnosticada con autismo como: persoa con autismo.
- **Mencionar** o autismo no titular só cando é imprescindible para entender correctamente a noticia.
- **Ilustrar** as informacións sobre os Trastornos do Espectro do Autismo co material gráfico adecuado.
- **Empregar** adxectivos que describan situacións, cousas ou persoas dun xeito positivo, apelando á integración e á normalización.



NON

- **Utilizar** termos que etiquetan ás persoas substantivando a súa condición: autista.
- **Empregar** titulares alarmantes ou morbosos que inclúen o tema do autismo de maneira gratuíta para captar a atención do lector.
- **Utilizar** imaxes que transmitan illamento, pasividade, ou que esperten compaixón ou rexeitamento.
- **Describir** situacións, cousas ou persoas con adxectivos como: illado, incomunicado, encerrado, aprisionado, etc.
- **Usar** o termo autismo como adxectivo noutros contextos alleos aos da propia síndrome.



**Federación Autismo Galicia.
Rúa Home Santo de Bonaival, 74**

Rúa Rodriguez de Viguri, 35

15703 Santiago de Compostela.

comunicacion@autismogalicia.org

T. 981 589 365 F. 981 589 344.

